

Acta da sesión ordinaria do **Comité Ambiental** celebrada o día **5 de marzo de 2024** en formato híbrido (presencial na Facultade de Ciencias da Educación e online a través de Teams), coa asistencia dos seguintes membros:

Anabel Carreño Garea, Berta Roca Gabriel, Daniela Antelo Varela, Jennifer González Páez, Juan Carlos Rivadulla López, Lucía Vázquez Ben, Miriam Carretero García, Natalia Lado Cerviño, Nuria Rebollo Quintela, Paula Fernández Pazos, Pedro José Vega Marcote, Roberto Suárez Brandariz, Yamilé Perez Guilarte, Yolanda Golías Pérez.

Desculpan a súa asistencia as profesoras Ánxela María Bugallo Rodríguez, Blanca Laffon Lage, Mar Rodríguez Romero e o señor decano Manuel Peralbo Uzquiano.

Comeza a sesión ás 18:00 horas, para tratar a seguinte **Orde do día**:

**1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior (18/11/2023).**

Toma a palabra o Vicedecano de TFG, Estudiantes e PAT, Juan Carlos Rivadulla López e, como a acta fóra posta a disposición dos presentes con anterioridade á reunión e ninguén presenta suxestións, apróbase esta por asentimento.

**2. Informe das actividades levadas a cabo na Facultade de Ciencias da Educación no 1º cuatrimestre do curso 2023/2024**

O profesor Pedro Vega Marcote, como presidente do Comité Ambiental, despois de dar a benvinda aos presentes á reunión e agradecer a súa asistencia, informa acerca das actividades realizadas na facultade durante o 1º cuatrimestre.

En primeiro lugar, e en relación coa necesidade de diminuír o uso do ascensor que viñan subliñando varios membros do Comité Ambiental en reunións pasadas, convocouse un concurso de carteis aberto a todo o alumnado da facultade. Recibidas as candidaturas, unha pequena subcomisión conformada por membros do Comité Ambiental reuniuse para avaliar cada unha das propostas e declarar o cartel vencedor, que agora se atopa colocado xunto a cada ascensor, no espazo habilitado para tal efecto. En próximas datas realizarase ademais un pequeno acto de entrega de premios, que permitirá facer publicidade das candidaturas e que foi pospoñéndose por cuestións de axenda.

Polo que respecta ás redes sociais, a cargo agora da nova bolsa de Green Campus para a Facultade de Ciencias da Educación 2023/2024, Daniela Antelo, apréciase un aumento de seguidores en Instagram, demostrando así que se vai popularizando, pero non en X (antigo Twitter). Insístese daquela na necesidade

de darlles publicidade entre o alumnado para conseguir que siga aumentando o número de seguidores e, por tanto, a súa visibilidade.

En canto ao proceso de ambientalización curricular, que xa se iniciara en cursos pasados cos graos, agora tamén se ten incorporado aos mestrados. Para ilustrar este caso, o profesor Pedro Vega cede a palabra á profesora Lucía Vázquez Ben, quen, en representación da profesora Ánxela Bugallo, pasa a relatar unhas das actividades realizadas en torno a esta cuestión no Mestrado en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria (DIDES). Concretamente, solicitouse ao persoal de limpeza que deixara de recoller os residuos das aulas da facultade por espazo dunha semana. Seguidamente, o alumnado do Mestrado de DIDES encargouse de recollelo e clasificalo, para así facer un pequeno estudio da cantidade e tipo de residuos xerados polo noso propio alumnado. Con estes datos, confeccionaron unha breve campaña de concienciación que os ten levado polas distintos cursos e titulacións da facultade para informar aos seus compañeiros e compañeiras dos resultados e chamar á súa colaboración para reducir o seu impacto e máis separar adecuadamente os residuos en función da súa tipoloxía, por medio das illas de residuos xa dispoñibles nas diferentes plantas do edificio.

### **3. Incorporación de novos membros ao Comité Ambiental da Facultade**

O profesor Pedro Vega Marcote anuncia a incorporación de novo alumnado - Anabel Carreño Garea, Berta Roca Gabriel, Jennifer González Páez, Natalia Lado Cerviño e Paula Fernández Pazos - e máis presenta á bolseira por este curso académico, Daniela Antelo Varela, que leva traballando no comité desde o mes de decembro.

O profesor Juan Carlos Rivadulla informa ademais da baixa por motivos persoais no Comité Ambiental do profesor Eduardo José Pásaro Méndez e agradece a súa colaboración ata a data.

### **4. Propostas de actuacións para o 2º cuadrimestre do curso 2023/2024 (Marzo Ambiental)**

Con respecto da nova proposta de actividades para este 2º cuadrimestre, encontrámonos xustamente neste mes durante o desenvolvemento do Marzo Ambiental. Precisamente, no día de hoxe (5 marzo 2024) levouse a cabo a primeira actividade da facultade, consistente nun obradoiro de compostaxe, impartido pola OMA, e na que estivo presente alumnado de educación infantil fundamentalmente. No marco desta actividade, que se ven realizando desde hai anos, levouse a cabo unha pequena conferencia sobre a xestións de residuos, facendo especial fincapé nos residuos orgánicos, e visitouse o composteiro da propia facultade, onde se puido comprobar que está en pleno funcionamento.

Tamén se procederá a facer, un ano máis, a ecoauditoría da auga, na sesión do vindeiro martes 12 de marzo, o que permitirá facer un seguimento das medidas adoptadas en anos anteriores e formular outras novas de seren necesarias. Ademais, como novidade, ao longo do cuadrimestre tamén se procederá a realizar esta ecoauditoría da auga nos laboratorios co alumnado do Grao de Educación Primaria, coa finalidade de reducir o consumo de auga no laboratorio.

Tamén se dará unha charla sobre alimentación saudable e sostible, como se anunciara na reunión anterior, e un taller sobre TIC e xeorreferencia participativa para reducir os residuos e a pegada ecolóxica, ao que deberá sumarse unha exposición en abril. Igualmente, estanse a realizar enquisas sobre sostibilidade e actitude cara á educación ambiental ao futuro profesorado de educación infantil e primaria, como parte dunha investigación no que colabora o Comité por ser relevante para propoñer actuacións co alumnado para reducir o impacto ambiental na Facultade.

#### **5. Quenda aberta de intervencións**

Non hai preguntas nin suxestións, polo que toma novamente a palabra o profesor Pedro Vega para propoñer a realización da próxima reunión do Comité o día 7 de maio, hora a concretar máis adiante e con carácter híbrido. Todos os asistentes mostraron o seu acordo.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 18:45h.

A Coruña, 5 marzo de 2024,

Lucía Vázquez Ben

Secretaria do Comité Ambiental